



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O IMPULSO DO BACHARELATO DE EXCELENCIA STEM (STEMbach) NO MARCO DA ESTRATEXIA GALEGA DE EDUCACIÓN DIXITAL 2020 (EDUDIXITAL 2020).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 15 de febreiro de 2019 ata a finalización do curso académico correspondente, e que será prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, coas limitacións establecidas pola lexislación vixente.

Que o instrumento convencional ten por obxecto fixar os termos da colaboración da USC nas diversas accións previstas na Estratexia EDUdixital 2020, nomeadamente a cotitorización de alumnado de STEMbach no marco do traballo de investigación que deben realizar e defender no segundo ano da súa formación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



Ademais, mediante o Real decreto 1763/1982, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino non universitario.

No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de xestión dos centros de ensino público de educación secundaria situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería está a desenvolver a Estratexia Galega para a Educación Dixital (en diante, EDUDixital 2020) que conta, entre os seu obxectivos e accións, con diversas actuacións encamiñadas ao fomento do coñecemento e as vocacións en Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas (en diante, STEM).

No marco de EDUDixital 2020 recóllese como un eixo fundamental fortalecer a colaboración das entidades e institucións relevantes no fomento das vocacións das ámbito STEM, especialmente entre as nenas e rapazas, de xeito que se rompa coa actual fenda de xénero neste ámbito.

Entre os programas en desenvolvemento de EDUDixital 2020, un dos máis relevantes é a iniciativa de implantación do “Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach)”, regulado, de xeito experimental, para o curso 2018/19 pola Resolución do 12 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Este bacharelato está dirixido ao alumnado e aos centros que teñan interese en afondar en temáticas vinculadas co ámbito STEM, mediante os diferentes métodos de investigación e de análise dos problemas propios de calquera investigación. Neste sentido, inclúe a realización dun traballo de investigación que deberá ser codirixido, de acordo co previsto no apartado sexto desta resolución, por unha persoa docente pertencente a un departamento universitario ou entidade de investigación. Este traballo será obxecto de defensa pública ante un tribunal do que formará parte unha persoa da entidade de investigación ou departamento universitario colaborador no proxecto, diferente da persoa que codirixe o traballo.

Que é de interese para as dúas institucións colaborar para que o alumnado do STEMbach dos centros dependentes da Consellería teñan facilidades para a realización e defensa dos traballos de investigación que deben realizar co máximo rigor e calidade posible.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asino dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital.



Xacobeo 2021

